

RUTA

AMBIENTAL

do

CASTELO DE VITRES

(BOIRO)

Un sendeiro de 8 Km de percorrido que leva ata unha altitude aproximada de 469 m. na serra da Barbanza.





Características da ruta

Punto de inicio: A Xarnea (8° 53,46 W; 42° 39,09 N) e Brazos (8° 53,68 W; 42° 40,05 N)

Punto final: Castelo de Vitres (8° 55,34 W; 42° 40,05 N)

Distancia: 5,7 Km (ida)

Duración estimada: 4 horas (ida e volta)

Dificultade: media-alta

Accesibilidade: non é accesible a persoas con discapacidade

Altitude en metros



ITINERARIO:

Percorrido de ascenso .- Sae de **Xarnea** onde se acede dende o Boiro de Arriba ou pola Ponte Goiáns con dirección a Nola, intérmase na aldea de **Brazos** para atravesar o **río Coroño** nun punto interesante, coñecido coma **os Pasais de Brazos**.

Franqueado o río, pronto nos atopamos á altura do **Cruceiro de Galegos**, entre o núcleo de Sealo e a aldea de Runs.

A poucos metros do cruceiro de Galegos o **Camiño Sacramental** (por el baixaban os cadaleitos ata Boiro), empeza a súa ascensión preto da confluencia dos regatos Acevedro e Cachopo na procura do núcleo de Mosquete, dende onde se segue o percorrido pola antiga calzada.

Na vella canteira de Runs e seguindo o ancestral camiño que transcorre paralelo ó **rego Acevedro**, o percorrido do rego depara certas sorpresas:

- Aos poucos metros do percorrido, rego arriba, atópanse **dous muíños**, un en funcionamento e o outro restaurado.
- Hai que andar, apenas 50 m, para dar cunha **fervenza** de pequena dimensión e altura.
- No percorrido tamén se atopa un coas ruínas dunha antiga presa que se utilizara para lavar mineral de estaño.
- Custodiando a presa polo norte un número importante de canles de granito fan abandonar a marxe do regato, para volver a este ó pé da estrada que leva ás **aldeas da serra** (A Figueira, Sabucedo, Noceda, Balteiro, a Graña e Lidón).
- Estamos nas **Chans de Reis**, ao pé da estrada que neste punto cruza o regato cunha ponte. A área de descanso de Porto do Barco invita a un receso.

O ENCANTO

No Castelo Pequeno
hai un encanto,
un encanto que todos non ven,
Alguén mirou,
viu unha tenda,
na tenda unha tendeira,
- eu quero a tenda...
A moura contesta:
- quen leve a tenda levará a
tendeira.

Pronto estaremos na aldea de **Mosquete**, que cruzaremos e na que podemos "repostar" con auga fresca. Ao pouco, apenas corenta metros, enfilaremos a calzada cara o Castelo. Na ascensión imos divisando a amplitude da Ría de Arousa e a configuración urbana do núcleo de Boiro.

Ao final, o **Castelo de Vitres**. Dende ese misterioso enclave, as vistas son fermosas, domínase parte do concello, merecendo especial atención o val do río Coroño, pero o avistamento de toda a ría, os pobos que a custodian, as illas que alberga e as praias que a rodean. No principio, impresionados polas vistas descubertas non reparamos no que nos rodea, pero unha exploración do entorno presentáranos unha formación de rochas con formas singulares ás que os paisanos lle puxeron nomes. Apreciaremos mananciais (a Fonte de Vitres), un río, restos de cerámica e cunchas que revelan a existencia do asentamento.

Ascenso opcional: se a nosa decisión é seguir ascendendo, podemos chegar ao alto da serra e enlazar coa ruta (GR-52), xa existente. Si nos aventuramos na serra, atoparemos coa mámoa "**A Casota do Páramo**", coas maravillosas vistas sobre a Ría de Muros e Noia e co gando semisalvaxe.

Percorrido de descenso: Si antes íamos en dirección ó Castelo, agora volveremos con dirección Xarrea (Boiro) pero con algunha variante.

Unha vez decidido o descenso facemos uso novamente da calzada onde podemos pararnos para apreciar as vistas que ofrece o **rego Lourido**.

Descendidos ata a cota aproximada de 300 m., temos a primeira variante que con unha pendente excesiva (dificultade alta), pretende levarnos o máis preto posible do rego Lourido ata chegar á pista da Portela. Pero non é a única alternativa; para os menos atrevidos, apenas 20 m. máis abaixo (seguinto sempre a calzada), unha nova proposta que nos leva á mesma pista para, se queremos chegar ás, comunmente chamadas, piscinas de Mosquete, que son pozos naturais do río, nos que podemos darnos un baño en plena natureza.

Xa na derradeira etapa temos que coller unha nova variante para non volver a **Porto do Barco**. Entre medio dos piñeiros o antigo camiño Sacramental que nos vai levar de retorno ós pasais de Brazos e Xarrea.





Castelo de Vitres

O Castelo de Vitres foi posiblemente un asentamento medieval que permitía vixiar a Ría de Arousa nos convulsos tempos da Alta Idade Media. Considérase que a estrutura principal estaba formada por un sistema defensivo formado por murallas de pedra, terrapléns e plataformas, e que, moi probablemente, fose unha torre ou atalaia situada no seu cumio.

Arredor do Castelo de Vitres a cultura popular foi creando varias lendas. Unha delas conta que está oco por dentro e que a través dunhas escaireiras chégase a un cuarto escuro con dúas cubas: nunha está o tesouro e na outro o veneno.

A impresionante calzada que desde Mosquete nos achega ata o alto da serra que nos deixa no castelo segue a ser un enigma. Algúns estudosos, antigamente, consideraban que era de orixe romana e que formaba parte da vía XX, a "per loca maritima".

Ditos dos veciños de Mosquete e arredores:

Entre Brañiñas e Brañas de Prado,

hai diñeiros de sete reinados.
Inda que ben agochados,
unha fermosa pastora,
cos gardiáns engaiolados,
pronto ha de atopalos.

Que podemos facer para non causar impactos na ruta?

- evitar recoller ou cortar plantas, nin danar ou molestar aos animais, pois moitas veces podes poñer en perigo especies ameazadas.
- non introducir especies exóticas, como tartarugas de acuario ou carpas vermellas, pois causan danos no medio difíciles de recuperar.
- debemos recoller o lixo que xeremos e depositalo nos contedores axeitados.
- está prohibida a circulación con todo tipo de vehículos a motor.
- non molestar nin causar inconvenientes nas explotacións agrícolas e gandeiras dos veciños, nin pasar polas súas leiras pois lembra que forman parte do seu medio.
- evitar facer ruído, pois así todos os visitantes poden gozar do contacto coa natureza.
- non facer lume fora dos lugares e épocas establecidos, pois podes provocar un incendio poñéndote en perigo e causando un grave dano ambiental.

Ruta Castelo de Vitrés

